



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Anuncio

De conformidade coa resolución da Alcaldía de 28 de xuño do actual, fíxose pública a convocatoria, mediante anuncio publicado no Diario El Progreso, para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais, para a tempada 2016, no Concello de Friol. O anuncio referíase aos postos de un xefe de brigada, un peón condutor, catro peóns e tres condutores para o vehículo motobomba.

Á vista do disposto no convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Friol, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR Galicia 2014-2020, advertiuse erro de transcripción na resolución e nas bases da convocatoria para peóns, xa que nas mesmas refírense a un peón condutor e catro peóns, cando o correcto, de conformidade co convenio asinado é un peón condutor e tres peóns, non catro, como figura por erro.

Visto que de conformidade co establecido no art. 105 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, as administracións en calquera momento poderán rectificar os seus errores materiais ou de feito, por resolución da Alcaldía do día de hoxe, procédese á rectificación do establecido nas bases e na convocatoria, quedando a mesma para os seguintes postos:

Un xefe de brigada

Un peón condutor

Tres peóns.

Tres condutores para o vehículo motobomba.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos, continuando o proceso selectivo, que se resolverá entre os xa presentados e admitidos á convocatoria, de conformidade co establecido nas bases das mesmas, publicándose os sucesivos anuncios no taboleiro de edictos e na web do concello.

Friol a 8 de xullo de 2016

O Alcalde.

